



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Practicum I		Código	652G01028
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	CastelánGallego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 90 créditos.			
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía			
Coordinación	Gómez Sánchez, Tania Fátima	Correo electrónico	tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es	
Profesorado	Castro Rodríguez, Mª Montserrat Fernandez Prieto, Marta Losada Puente, Luisa Mendiri Ruiz de Alda, Paula Maria Rivas Barros, Isabel Rodriguez Martinez, Susana Valle Arias, Antonio	Correo electrónico	maria.castror@udc.es marta.prieto1@udc.es luisa.losada@udc.es paula.mendiri@udc.es isabel.rivas@udc.es susana.rodriguez1@udc.es antonio.valle@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			
Descripción xeral	<p>CORREO-E: practicum.educacion@udc.es</p> <p>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</p> <p>Dos 9 créditos da materia (225 horas), o 55% son de carácter presencial (135 horas) e o 45% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (90 horas).</p> <p>Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais), e as 10 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade.</p> <p>Durante o desenvolvemento do Prácticum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre do terceiro curso da titulación.</p> <p>CONTEXTUALIZACIÓN</p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudio acordes cos requisitos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>?Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virán ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Prácticum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudiantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incremente a capacidade de aprender con autonomía e potencie a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construcción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>			



Código	Competencias / Resultados do título				
	Competencias / Resultados do título				
Resultados da aprendizaxe					
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título		
Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento	A5 A19 A20 A22 A30 A31 A66	B2 B4 B5			
Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa	A59 A66	B16 B18 B24 B25			
Observar a actividade docente e aprender a saber facer, reflexionando desde e sobre a práctica, e asumindo a necesidade de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais.	A23 A65	B1 B3 B8 B9 B15 B17	C4		
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A62	B3	C7		
Reflexionar sobre as propostas de mellora e innovación nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A64		C4 C7 C8		
Comportarse con ética e responsabilidade social como profesionais dun centro educativo	A60 A61 A63	B6 B7 B14 B22 B24			
Saber elaborar discursos coherentes e organizados, así como expoñer ideas de forma oral e por escrito		B11 B12	C1 C3		

Contidos	
Temas	Subtemas
A organización das institucións educativas	<ul style="list-style-type: none">- Os órganos de goberno do centro e os órganos de coordinación das actividades que nel se desenvolven- O réxime de funcionamento do centro: proxectos, programas, plans, horarios etc.- A cultura do centro escolar
O coñecemento do currículo da educación infantil e a súa concreción de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios	<ul style="list-style-type: none">- Os niveis de concreción, o seu grao de coherencia e contextualización: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula- O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc.



A xestión da aula na educación infantil como marco de referencia para un desenvolvemento integral que se constitúa como base da aprendizaxe ao longo da vida	<ul style="list-style-type: none">- Principios de procedemento didácticos para a organización da vida na aula- Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas- Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación infantil- A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias- A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica
A reflexión sobre a práctica observada como ferramenta para a innovación e a mellora	<ul style="list-style-type: none">- O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido- Técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos- A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A5 A19 A20 A22 A23 A30 A59 A60 A61 A63 A64 A65 A66 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B16 B18 B24 C4 C8	125	0	125
Portafolios do alumno	A31 A62 B1 B3 B9 B11 B12 B14 B15 B17 B22 B25 C1 C3 C7	0	80	80
Análise de fontes documentais	A30 A31 A62 B1 B3 B9	0	10	10
Seminario	B14 B22 C1 C7	8	0	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagógicas: 125 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc.
Portafolios do alumno	Ver documento en Anexos
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiplos factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construcción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa.



Seminario	<p>1. 1 Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Prácticum.</p> <p>2. Selección de centro (2 horas).</p> <p>3. Un mínimo de dous seminarios de titoría obligatorios durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none">- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Prácticum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.- A segunda (ou posteriores) serán convocadas polo titor e tratarán as seguintes temáticas: Posta en común do traballo realizado ata o momento polo alumnado asignado a unha mesma/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Asimesmo tratarase a Avaliación, para responder as dúvidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.
-----------	--

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Seminario	- O/a titor/a da Institución supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.
Saídas de campo	
Portafolios do alumno	<ul style="list-style-type: none">- O/a titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obligatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.-O/a titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.-Na medida do posible un dos contactos co centro terá forma de visita.-Alén dos seminarios de seguimiento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Seminario	B14 B22 C1 C7	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none">- Asistencia a todas as sesións presenciais- Calidade das achegas á hora de expresar dúbdidas razonables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10
Saídas de campo	A5 A19 A20 A22 A23 A30 A59 A60 A61 A63 A64 A65 A66 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B16 B18 B24 C4 C8	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliação da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	45



Portfolios do alumno	A31 A62 B1 B3 B9 B11 B12 B14 B15 B17 B22 B25 C1 C3 C7	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: - Capacidad de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidad para relacionar ideas e accións - Capacidad de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidad de descripción de escenarios, situacións e accións - Capacidad de autoavaliación e autocrítica Orixinalidade da proposta	45
----------------------	--	---	----

Observacións avaliación

a) Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliação: prácticas pedagógicas e portafolios.

b) Elementos da avaliação que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliação (xullo):

1. As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.

2. Os seminarios non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.

3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demás elementos da avaliação.

c) Cualificacións:

1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliação segundo o seu peso respectivo.

2. No caso de non superar algunha das partes de obligatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

3. Non realizar as prácticas pedagógicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

4. No caso

de non presentar o portafolio tendo as prácticas pedagógicas superadas

supón obter como máximo a cualificación de suspenso 4

Fontes de información



Bibliografía básica	Desarrollo de escuelas inclusivas . Madrid: Narcea. Antúnez, S., Del Carmen, L. M., Imbernón, F., Parcerisa, A., & Zabala, A. (2005). Del proyecto educativo a la programación de aula. Barcelona: Graó. Apple, M. W. (1996). Política cultural y educación. Madrid: Morata. Apple, M. W., & Beane, J. A., (Comps),. (1997). Escuelas democráticas. Madrid: Morata. Bernstein, B. (1989). Clase y pedagogías visibles e invisibles. In J. Gimeno Sacristán & Á. Pérez Gómez (Eds.), La enseñanza: su teoría y su práctica (pp. 54-72). Madrid: Akal Universitaria. Bolívar, A. (2000). Los centros educativos como organizaciones que aprenden. Promesas y realidades. Madrid: La Muralla. Bruner, J. (1987). La importancia de la educación. Barcelona: Paidós. Coll, C., Martín, E., Mauri, T., Miras, M., Onrubia, J., Solé, I., et al. (1993). El constructivismo en el aula. Barcelona: Graó. Edwards, D., & Mercer, N. (1988). El conocimiento compartido: el desarrollo de la compresión en el aula. Barcelona: Paidós. Fernández Enguita, M. (1999). La profesión docente y la comunidad escolar: crónica de un desencuentro. Madrid: Morata. Fernández Enguita, M. (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata. Fernández Pérez, M. (1994). Las tareas de la profesión de enseñar. Madrid: SXXI. Freire, P. (1985a). La naturaleza política de la educación. Barcelona: Paidós. Freire, P. (1985b). Pedagogía del oprimido. Madrid: Siglo XXI. Gimeno Sacristán, J. (1997). El currículum: una reflexión sobre la práctica. Madrid: Morata. Gimeno Sacristán, J., & Pérez Gómez, Á. I., (Comps),. (1997). Comprender y transformar la enseñanza. Madrid: Morata. Hargreaves, A. (1996). Profesorado, cultura y postmodernidad (cambian los tiempos, cambia el profesorado). Madrid: Morata. Hargreaves, A. (2003). Enseñar en la sociedad del conocimiento. Barcelona: Octaedro. Hernández, S., & Ventura, M. (1992). La organización del currículo por proyectos de trabajo. Barcelona: Graó. Jackson, P. W. (1996). La vida en las aulas. Madrid: Morata. Kemmis, S., & McTaggart, R. (1996). Cómo planificar la investigación-acción. Barcelona: Laertes. Parra Ortiz, J. M. (2010). Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Madrid: Gadeta Editorial. Perrenoud, P. (1996). La construcción del éxito y el fracaso escolar. Madrid: Morata. Rodicio García, M. L., & Iglesias-Cortizas, M. J. (2011). El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid: Biblioteca Nueva. Sánchez Blanco, C. (1994a). El desarrollo de actitudes en Educación Infantil. Zaragoza: Edelvives. Sánchez Blanco, C. (1994b). La cooperación en Educación Infantil. A Coruña: Universidad da Coruña. Sánchez Blanco, C. (2000). Dilemas de la educación infantil. Vol. 1. Sevilla: MCEP. Sánchez Blanco, C. (2001). De la educación infantil y su crítica: Reforma, investigación e innovación y formación del profesorado. Vol. 2. Sevilla: MCEP. Sánchez Blanco, C. (2006). Violencia física y construcción de identidades: propuestas de reflexión crítica para las escuelas infantiles. Barcelona: Graó. Sánchez Blanco, C. (2009). Peleas y daños físicos en la educación infantil. Bos Aires: Miño y Dávila. Santos Guerra, M. Á. (1990). Hacer visible lo cotidiano: teoría y práctica de la evaluación cualitativa de los centros escolares. Madrid: Akal. Schön, D. A. (1992). La formación de profesionales reflexivos: hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones. Barcelona: Paidós. Stainback, S., & Stainback, W. (2001). Aulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo. Madrid: Narcea. Steinberg, S. R., & Kincheloe, J. L., (Comps),. (2000). Cultura infantil y multinacionales. Madrid: Morata. Stenhouse, L. (2003). Investigación y desarrollo del currículum. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2001). Educación en tiempos de neoliberalismo. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2005). El currículum oculto. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2006a). Globalización e interdisciplinariedad: el currículum integrado. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2006b). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata. Trillo, F., & Sanjurjo, L. (2008). Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica. Rosario: Homo Sapiens.
Bibliografía complementaria	Narraciones de la escuela. Barcelona: Editorial Davinci. Cantón, I., (Coord),. (2010). Narraciones de maestros. Barcelona: Editorial Davinci. Diez Navarro, C. (2003). El piso de abajo de la escuela. Barcelona: Graó. McCourt, F. (2005). El profesor. Madrid: Maeva. Pennac, D. (2008). Mal de escuela. Barcelona: Mondadori. Tonucci, F. (1988). Niño se nace. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1989). Cómo ser niño. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1993). La soledad de los niños. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1994). Con ojos de niño. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (2003). Cuando los niños dicen ¡Basta! Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Recomendaciones

Materias que se recomienda cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Co fin de favorecer o axuste á planificación e temporalización da materia, aquel alumnado que teña previsto solicitar a ampliación da matrícula e incluir o practicum na mesma é necesario que o notifique un mes antes do inicio das prácticas. Deberá remitir un email a practicum.educacion@udc.es, ainda que nese momento non cumpla os requisitos, co fin de facilitarlle as indicacións oportunas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías